

**8 DE MARZO DE 2020 – DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES
CONCURSO “DEBUXANDO EN IGUALDADE”**

BASES

O **Centro de Información ás Mulleres do Concello de Mondoñedo** (en adiante, **CIM**) con motivo da conmemoración do 8 de marzo como **Día Internacional da Muller**, co obxectivo de previr todo tipo de desigualdades, de sensibilizar e concienciar á cidadanía cara un cambio no modelo de relacións sociais entre mulleres e homes, organiza e convoca o presente **CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL E XUVENIL** baixo o nome “**DEBUXANDO EN IGUALDADE**” e conforme ás seguintes

BASES

1. Participantes

Poderá participar o alumnado matriculado nos centros educativos dos Concellos de Mondoñedo, de Abadín, Lourenzán, A Pastoriza e Riotorto en calquera dos cursos de Primaria, ESO e Bacharelato durante o curso 2019-2020, ambos incluídos, establecéndose as seguintes categorías:

- CATEGORÍA A: alumnado de primeiro e segundo de Primaria.
- CATEGORÍA B: alumnado de terceiro e cuarto de Primaria.
- CATEGORÍA C: alumnado de quinto e sexto de Primaria.
- CATEGORÍA D: alumnado de primeiro e segundo de ESO.
- CATEGORÍA E: alumnado de terceiro e cuarto de ESO.
- CATEGORÍA F: alumnado de primeiro e segundo de Bacharelato.

2. Temática e características dos traballos

O traballo consistirá nun debuxo en soporte cartolina de **tamaño mínimo DIN-A4 e máximo DIN-A3**, podendo utilizarse todo tipo de técnica e sen limitación de número de cores.

A temática será a **IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES** en calquera dos ámbitos da vida (familiar, social, laboral...).

As obras serán inéditas e cada participante **só poderá presentar un único traballo.**

No caso de que a obra leve incluído un slogan ou lema, este deberá ir redactada en **idioma galego.**

3. Identificación dos traballos

No **reverso da obra** deberán figurar os seguintes datos:

- Concurso “Debuxando en Igualdade”
- Categoría na que participa
- Lema ou pseudónimo

A obra virá acompañada dun **sobre pechado** onde figuren os seguintes datos:

- No **exterior**:

- Concurso “Debuxando en Igualdade”
- Categoría na que participa
- Lema ou pseudónimo

- No **interior**, unha folla cos seguintes datos:

- Nome e apelidos completos do participante
- Idade, data de nacemento.
- Centro educativo e curso
- Enderezo completo
- Nome e apelidos do pai, nai ou titor legal
- Teléfono de contacto
- Correo electrónico

4. Lugar e prazo de presentación dos traballos

Os traballos serán entregados á persoa que o centro escolar designe. A data máxima para presentar os traballos é o **venres 28 de febreiro de 2020**, incluído, data a partir da cal serán recollidos por persoal do CIM.

5. Premios

Haberá **dous premiados** por cada categoría, reservándose o xurado o dereito de declarar deserto algún dos premios no caso de que os traballos presentados non alcancen o nivel suficiente.

Os premios consistirán en:

CATEGORÍA A:

- Primeiro premio: Lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: Lote de libros e material escolar.

CATEGORÍA B:

- Primeiro premio: Lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: Lote de libros e material escolar.

CATEGORÍA C:

- Primeiro premio: Lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: Lote de libros e material escolar.

CATEGORÍA D:

- Primeiro premio: Lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: Lote de libros e material escolar.

CATEGORÍA E:

- Primeiro premio: Lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: Lote de libros e material escolar.

CATEGORÍA F:

- Primeiro premio: Lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: Lote de libros e material escolar.

6. Xurado. Deliberación e fallo do concurso

O xurado estará composto por representantes dos Concellos participantes, podendo ser tanto persoal político como persoal técnico.

O xurado reunirse para deliberar no lugar, data e hora en que libremente decidan. **O fallo do concurso farase público o día 6 de marzo de 2020** a través dos medios habituais (prensa, redes sociais, edictos...) e comunicarse persoalmente aos gañadores ou gañadoras. A decisión do xurado é inapelable.

A entrega de premios será o día 8 de marzo de 2020 na Biblioteca Municipal do Concello de Mondoñedo na hora que se comunicará coa debida antelación.

7. Propiedade das obras

As obras presentadas, pola mera participación no concurso, **pasarán a ser propiedade do Concello de Mondoñedo**, podendo, a partir do momento do fallo, proceder á súa exposición, publicación ou utilización en materiais e eventos do Concello. As obras premiadas serán expostas na Biblioteca Municipal de Mondoñedo.

No caso de que algún dos participantes desexe recuperar a obra presentada, deberá facelo no **prazo máximo de un mes** dirixindo escrito ao Concello de Mondoñedo.

8. Aceptación das bases

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases e do fallo do xurado. Calquera traballo que non cumpra cos requisitos establecidos será inmediatamente descalificado.

9. Financiamento da acción

Esta acción está financiada con cargo aos fondos recibidos do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade.